

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A SOCIEDADE BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO DE SAO PAULO (BRASIL) PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA CARREIRA SOLIDARIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Emprego, comercio e Emigración e a Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da celebración dunha carreira solidaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, é unha entidade sen fins de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración, que posúe un centro de asistencia social para persoas maiores e dependentes, dirixido a procurar un envellecemento saudable. Desta actividade benefíciase a colectividade de orixe galego residente na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes que se atopa nunha situación de necesidade.

Na cidade de Sao Paulo, Brasil, reside un número importante de persoas de orixe galega que, pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen ao redor de 44.000 emigrantes galegos e galegas. Estes datos confirman a Brasil coma o segundo país no continente americano onde máis persoas galegas residen na actualidade, tras Arxentina.

A Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo está a organizar o denominado Circuito Rosalía, unha carreira solidaria cuxa recadación se destinara aos fins sociais que vén desenvolvendo esta sociedade.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter senlleiro e excepcional, por tratarse dunha actuación puntual que non pode enmarcarse dentro da actuación xeneralizada de axudas establecida para este tipo de actividades, con base no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrència pública debido á propia natureza do proxecto.

O carácter solidario da actuación, e o que esta representa para a colectividade galega que reside en Sao Paulo e municipalidades limítrofes, xustifican o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha



contía de vinte mil euros (20.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 44.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

